

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede á súa convocatoria.

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é un dos órganos de dirección en que se estrutura a Consellería de Política Social.

De acordo co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, corresponde á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da xuventude na vida social; a coordinación e supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da Consellería como as dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; así como o seguimento na xestión da Rede Galega de Información Xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento.

Pola súa parte, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, establece no seu artigo 1 que as políticas públicas dirixidas á xuventude terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 9 da citada lei, a Xunta de Galicia fomentará o espírito emprendedor e potenciará entre a xuventude un sistema de actitudes e preocupacións do cal formen parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, aperseveranza, o compromiso e a flexibilidade.

Tamén establece, no seu artigo 48, que as administracións públicas fomentarán a participación da mocidade no seu sentido máis amplo para así lexitimar e dotar de maior coherencia as políticas de mocidade, adaptándoas á realidade xuvenil de cada momento.



A Consellería de Política Social entende que, en cumprimento deste mandato legal e para lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual, é fundamental impulsar actuacións e apoiar os proxectos que desenvolvan as entidades locais e que vaian dirixidos a facilitar a participación da xuventude en actividades de educación non formal, tendo en conta as competencias e aptitudes que derivan desta, sobre todo cara a mellorar a empregabilidade das persoas mozas galegas. Neste ámbito enmárcase esta nova orde de axudas dirixida a impulsar proxectos promovidos polas entidades locais no ámbito da educación non formal e que teñan como beneficiarias directas as persoas mozas.

Para a convocatoria destas axudas existe crédito adecuado e suficiente na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

A orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Na súa virtude, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude, e convocar estas axudas para o ano 2017 (código de procedemento BS305E).

2. Coas iniciativas locais dirixidas á xuventude tratarase de fomentar a realización de actividades de educación non formal e a participación xuvenil no ámbito local, especialmente aquelas actividades enmarcadas nas áreas prioritarias de actuación establecidas no artigo seguinte.



Artigo 2. Áreas de atención prioritaria

Para os efectos desta orde, considéranse áreas de atención prioritaria as seguintes:

a) Iniciativa local emprendedora: proxectos relacionados co emprendemento e a empregabilidade dos mozos e mozas.

b) Promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación.

c) Dinamización da información para a mocidade.

d) Fomento de actitudes creativas e innovadoras da xuventude na súa comunidade e na súa contorna.

e) Fomento da inclusión social e laboral e da accesibilidade dos mozos e mozas pertencentes a colectivos con dificultades de integración ou especialmente vulnerables.

f) Dinamización da lingua galega entre a mocidade.

g) Fomento da participación e o empoderamento das mulleres novas galegas.

h) Conservación e posta en valor do ambiente e do patrimonio cultural e natural.

i) Desenvolvemento e dinamización do medio rural.

j) Creación de espazos para a comunicación e novas tecnoloxías.

Artigo 3. Orzamento

Para o financiamento destas axudas destínase un crédito de 609.025,67 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 12.05.313A.460.0 consignada na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Artigo 4. Solicitantes

1. Poderán solicitar estas axudas os concellos galegos, as mancomunidades de concellos de Galicia e os consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos.



2. Así mesmo, poderán solicitar as axudas que regula esta orde as agrupacións de concellos, estremeiros e/ou dunha mesma comarca que se xunten para os efectos de levaren a cabo unha iniciativa local conxunta. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Enténdese por solicitude individual a realizada por un único concello e por solicitude conxunta a realizada por unha mancomunidade, consorcio local ou agrupación de concellos.

4. Ningún concello poderá figurar en máis dunha solicitude, sexa individual ou conxunta. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión de todas as solicitudes individuais, dando validez á solicitude conxunta. No caso de que o concello figure en máis dunha solicitude conxunta, non será admitida ningunha delas.

Artigo 5. *Requisitos*

1. Para obter a condición de beneficiaria, todas as entidades e agrupacións solicitantes deberán, con anterioridade a que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio.

c) Estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

2. As mancomunidades e consorcios locais deberán estar formalmente constituídos de acordo coa normativa vixente e ter, de conformidade co que dispoñan os seus estatutos, capacidade e obxecto idóneos para levar a cabo o proxecto.

3. Os concellos que formen parte das agrupacións recollidas no artigo 4.2 terán, en todo caso, a condición de entidade beneficiaria, polo que, para poderse conceder a subvención solicitada, todos eles deberán cumprir os requisitos establecidos no número 1 deste artigo. Por acordo de todos os concellos, unha das alcaldías exercerá a representación única e será quen reciba e xustifique a axuda. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Artigo 6. *Período subvencionable e contía das axudas*

1. O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2017.

2. Só se poderá presentar un proxecto por solicitante. No caso das solicitudes individuais, o orzamento total do proxecto non poderá ser superior a 6.000 euros. No caso das solicitudes conxuntas, o orzamento total non poderá superar os 15.000 euros se a entidade ou agrupación está formada por dous concellos, ou os 22.000 euros se está formada por tres ou máis concellos. O orzamento máximo previsto neste punto para as solicitudes conxuntas aplicarase tamén aos concellos resultantes de procesos de fusión municipal. Non se admitirán a trámite as solicitudes de axudas para proxectos cuxo orzamento sexa superior ás citadas contías.

3. Financiarase o cento por cento do proxecto presentado. Deste xeito, a contía máxima da axuda será a establecida, para cada suposto, no número anterior.

Artigo 7. *Proxectos e gastos subvencionables*

1. Serán excluídos aqueles proxectos que non se axusten ao obxecto e finalidade destas axudas recollidos no artigo 1.

2. No caso das solicitudes conxuntas, deberá acreditarse suficientemente que o proxecto se realiza conxuntamente e que non se trata de actuacións independentes de cada entidade local. En caso contrario, o proxecto será excluído.

3. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza do proxecto presentado e resulten estritamente necesarios para levalo a cabo.

4. Quedan excluídos, para os efectos da axuda, os proxectos docentes e deportivos previstos nos plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo.

5. Non será subvencionable a adquisición de equipamento e material inventariable.

6. Non serán subvencionables os gastos de luz, auga, calefacción e teléfono. Poderán subvencionarse outros gastos ordinarios de funcionamento sempre que estean asociados co proxecto e recollidos no orzamento de gastos que se reflicte no anexo IV. En todo caso, este tipo de gastos ordinarios de funcionamento non poderá superar nunca o cinco por cento do orzamento total do proxecto, ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel.



7. No caso daqueles proxectos que, para o seu desenvolvemento, indiquen que precisan formación, acreditarase suficientemente que as persoas docentes son competentes para impartir a dita formación, para o cal se xuntará o seu currículo e máis a documentación acreditativa correspondente. Especificaranse os contidos e xuntarase o programa de formación que se vai impartir. A formación será sempre de carácter gratuíto para as persoas destinatarias dela. No caso de se produciren variacións nas persoas que vaian impartir a formación, deberase comunicar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con anterioridade ao inicio desta, para o que se enviará a nova documentación acreditativa. As novas persoas que vaian impartir a formación deberán ter o nivel de capacitación axustado á citada finalidade.

8. Calquera das actividades desenvolvidas será de carácter gratuíto para as persoas destinatarias do proxecto e non poderán xerarse ingresos por pagamento de cotas, entradas ou outros de similar natureza.

9. Serán subvencionables as retribucións salariais totais do persoal propio da entidade que se correspondan coas horas dedicadas á execución do proxecto, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo do empregador.

10. O importe total de gastos de manutención, como comidas, servizos de restauración ou compra de produtos alimenticios, non poderá superar o dez por cento do orzamento total do proxecto ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel. Ademais, deben estar vinculados de xeito inequívoco coa actividade e realizados durante a súa execución material.

11. No caso dos premios que se outorguen nos concursos ou competicións previstos no proxecto e dos obsequios para persoas que teñan colaborado no desenvolvemento dalgunha actividade, estes deberán incluírse no orzamento do proxecto. O límite para os gastos por este concepto será do dez por cento do orzamento total ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel.

12. Non serán subvencionables os proxectos que consistan na celebración de concertos ou festas, salvo que estas actividades teñan unha entidade menor e se inclúan dentro dun programa de actividades máis amplo e, en todo o caso, xustificarse a súa necesidade e oportunidade dentro do desenvolvemento do proxecto. Non será subvencionable, en ningún caso, a contratación de grupos de música e baile nin a adquisición de instrumentos musicais, uniformes ou traxes.



13. A subcontratación só estará permitida nos termos definidos e cos límites previstos nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, e sempre respectando o establecido nas ditas disposicións, poderase subcontratar a execución da actividade ata unha porcentaxe que non exceda o oitenta por cento do proxecto subvencionado.

Artigo 8. *Incompatibilidade das axudas*

1. A obtención desta subvención é incompatible con calquera outro tipo de axuda, pública ou privada, destinada ao mesmo proxecto.

2. Cando a entidade teña concedida ou solicitada outra axuda destinada ao mesmo proxecto, fará constar esta circunstancia no anexo I. Os concellos que formen parte dunha agrupación, excepto o que exerza a representación única, farano constar no anexo II.

3. A obtención doutras axudas para o proxecto subvencionado deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no momento en que se coñeza.

4. No caso de que lle sexa concedida a subvención prevista nesta orde, a resolución de concesión condicionarará os seus efectos á presentación da renuncia ás axudas previamente obtidas, así como, se é o caso, ao reintegro dos fondos públicos que percíbise.

5. Cando o órgano instrutor teña coñecemento de que unha entidade beneficiaria percibiu outra axuda para o mesmo proxecto sen efectuar a correspondente renuncia, procederá a exixir o reintegro da subvención.

Artigo 9. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente e sempre que o prazo de presentación de solicitudes non teña rematado, será requirida para que a presente por medios electrónicos. En todo caso, a solicitude non será admitida a trá-



mite se a presentación electrónica se realiza despois do remate do prazo de presentación de solicitudes.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. A persoa representante, para a formalización da solicitude e os trámites posteriores do procedemento, será:

a) Se a entidade solicitante é un concello, a persoa titular da alcaldía presidencia ou a persoa que teña delegada a competencia.

b) Se a entidade solicitante é unha mancomunidade ou consorcio local, a persoa titular da presidencia ou a persoa que teña delegada a competencia.

c) No suposto previsto no artigo 4.2, a persoa titular da alcaldía presidencia do concello que exerza a representación única da agrupación ou a persoa que teña delegada a competencia nese concello.

4. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria.

Artigo 10. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As entidades ou agrupacións interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) O certificado da secretaría que recolla o acordo de solicitude da subvención por parte do órgano competente e, se for o caso, o acordo de delegación para a tramitación do procedemento.

b) O proxecto de iniciativa local dirixida á xuventude, redactado seguindo estritamente o modelo publicado como anexo III.

c) O orzamento de gastos desagregado segundo o anexo IV.

d) No caso das solicitudes conxuntas, unha memoria explicativa onde quede claramente reflectido o aforro de custos da execución do proxecto respecto da súa realización de xeito individual.



e) No caso das agrupacións, o acordo de colaboración, no cal se incluíra o nomeamento do concello que exercerá a representación única, e os certificados das secretarías dos demais concellos en que conste o acordo do pleno ou da xunta de goberno polo que autorizan o exercicio da representación para a tramitación da subvención por parte do concello nomeado no acordo de colaboración.

f) No caso das agrupacións, un anexo II cuberto por cada un dos concellos, excepto o que exerza a representación única.

2. Calquera cambio que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación complementaria será comunicado á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que poderá recadar da entidade solicitante, en todo caso, todos os documentos e aclaracións que considere necesarios para completar o expediente.

3. A documentación complementaria presentarse obrigatoriamente por vía electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. En todo caso, se o proxecto de iniciativa local dirixida á xuventude se presenta electronicamente fóra do prazo establecido no artigo 9.2, a solicitude non será admitida a trámite.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

b) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) Certificación de estar ao día nas obrigas coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no anexo I e achegar os documentos correspondentes. Os concellos que formen parte dunha agrupación, excepto o que exerza a representación única, deberán indicalo no anexo II.

2. Para a comprobación do cumprimento do requisito establecido no artigo 5.1.b) consultarase os datos da rendición do sector local en Galicia publicados polo Consello de Contas na súa páxina web oficial.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos datos mencionados nos números anteriores, poderase solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Emenda de defectos*

1. Se na solicitude se apreciaren defectos ou falta de documentación, o órgano instrutor requirirá a entidade solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de resolución que será ditada nos termos do artigo 21 da referida lei.

2. Debido a que se establece un réxime de concorrencia competitiva para a concesión destas axudas e atendendo ao principio de igualdade, a falta de presentación do proxecto de iniciativa local dirixida á xuventude xunto coa solicitude, no prazo establecido no número 2 do artigo 9, constituirá un defecto non emendable e comportará a inadmisión a trámite da solicitude.

Artigo 14. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da entidade interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. *Criterios de avaliación*

1. A concesión da axuda tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para acceder á axuda, requirirase unha puntuación mínima de 50 puntos na avaliación dos proxectos.

2. Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes:

a) Adecuación ás áreas de atención prioritaria sinaladas no artigo 2: ata 15 puntos.



- b) Calidade do contido do proxecto e das actividades: ata 15 puntos.
- c) Calidade do deseño do proxecto e metodoloxía: ata 15 puntos.
- d) Número de persoas mozas que sexan beneficiarias potenciais e proxección social das actividades programadas: ata 10 puntos.
- e) Compoñente educativo e de participación xuvenil fronte ao lúdico: ata 10 puntos.
- f) Creatividade, innovación e orixinalidade do proxecto: ata 10 puntos.
- g) Aplicabilidade, congruencia coa zona de influencia e viabilidade da iniciativa: ata 10 puntos.
- h) Pertenza a zonas do medio rural: ata 10 puntos.
- i) Emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboren e nas canles de difusión utilizadas para dalo a coñecer: ata 5 puntos.
3. A presentación dunha solicitude conxunta poderá supor ata 40 puntos adicionais, que se distribuirán do xeito seguinte:
- a) 10 puntos adicionais pola presentación da solicitude conxunta.
- b) 2 puntos adicionais, ata un máximo de 10, por cada un dos concellos que formen parte da mancomunidade, consorcio ou agrupación.
- c) Ata 10 puntos adicionais pola repercusión do proxecto entre a poboación. Para isto terase en conta, como posibles persoas destinatarias, a poboación xuvenil total dos concellos participantes no proxecto, segundo os datos do IGE.
- d) Ata 10 puntos adicionais que se outorgarán á memoria recollida no artigo 10.1.d), atendendo ao aforro de custos respecto da realización do proxecto de xeito individual.
4. Aos concellos resultantes dos procesos de fusión de municipios a través da alteración de termos municipais, a que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, outorgaráselles 40 puntos adicionais. Esta puntuación é excluínte da reflectida no número anterior.



Artigo 16. Instrución e comisión de avaliación

1. O órgano instrutor do procedemento será o Instituto da Xuventude de Galicia.

2. A avaliación das solicitudes corresponderá á comisión de avaliación, conformada do seguinte xeito:

a) Presidente/a: a persoa titular do Instituto da Xuventude de Galicia.

b) Vogais: a persoa titular do Servizo de Actividades para a Xuventude, a persoa que ocupe a dirección do Centro Coordinador de Información Xuvenil e un/unha técnico/a da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

c) Secretario/a: un/unha funcionario/a do Instituto da Xuventude de Galicia.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puiden asistir, será substituída pola persoa que para o efecto nomee a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

4. A comisión de avaliación poderá solicitar das entidades interesadas a achega de cantos datos e documentos se consideren necesarios ou convenientes para a avaliación.

5. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión emitirá un informe en que se concretará o resultado da avaliación e a prelación das solicitudes por orde decrecente de puntuación. No mesmo informe determinarase as solicitudes que deban ser denegadas por non acadaren a puntuación mínima requirida no artigo 15.1 e as que deban ser excluídas por non ser o proxecto subvencionable segundo o artigo 7. No caso de empate na puntuación entre dúas ou máis entidades solicitantes das axudas e co fin de determinar a orde de prelación entre proxectos que obtiveron a mesma puntuación, fíxase como sistema de desempate a maior valoración que realizase a comisión con base en cada un dos criterios e baremos que se reflicten no artigo 15.2, seguindo a orde establecida nel.

Artigo 17. Proposta de resolución

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación, elevará ao órgano competente para resolver o procedemento a proposta de resolución das axudas. Esta proposta concretará:

a) As entidades solicitantes para as cales se propón a concesión da axuda. Esta concesión efectuarase consonte a orde de prelación establecida no informe da comisión de avaliación e ata esgotar o crédito orzamentario.



b) As entidades solicitantes para as cales se propón a denegación da axuda por non acadaren a puntuación mínima establecida no artigo 15.1.

c) As entidades solicitantes para as cales se propón a súa exclusión por non ser o proxecto subvencionable segundo o artigo 7.

2. As entidades solicitantes que, tendo alcanzado a puntuación mínima, non sexan propostas como adxudicatarias inicialmente por terse esgotado o crédito orzamentario, pasarán a conformar unha lista de reserva que formará, igualmente, parte da proposta de resolución, coa finalidade prevista no punto seguinte.

3. No caso de se produciren renuncias a estas axudas por parte das entidades beneficiarias, o órgano instrutor poderá realizar, se o considera oportuno, novas propostas de resolución de concesión da axuda ás persoas solicitantes incluídas na lista de reserva prevista no punto anterior, con atención rigorosa á orde establecida nela.

Artigo 18. *Resolución*

1. O órgano competente para resolver será a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

2. A resolución da solicitude de axuda, que terá lugar no prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución, notificarase a todas as entidades solicitantes no prazo máximo de cinco meses desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Unha vez transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, deberá entenderse desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. En todo caso, a concesión das subvencións quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 19. *Réxime de recursos*

1. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses que se contarán a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



2. Malia o anterior, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, que comezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa. Se a resolución non for expresa, poderase interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 20. *Anticipo*

1. De acordo co previsto no artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, farase o pagamento anticipado do oitenta por cento da subvención concedida, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

2. Antes de tramitar o pagamento anticipado, o órgano instrutor poderá requirir as certificacións de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, sempre que a persoa beneficiaria se tiver oposto expresamente á súa consulta automática no trámite da solicitude.

Artigo 21. *Xustificación*

A data límite para a presentación da xustificación da subvención é o 20 de outubro de 2017, para o cal se deberá achegar:

a) O certificado da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da cantidade total do gasto realizado na posta en práctica do proxecto subvencionado. Terá a consideración de gasto realizado, en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, aquel efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación.

b) O certificado expedido pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/ sa ou presidente/a, relativo á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: iden-



tificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.

A distribución dos gastos entre os diversos conceptos deberá corresponderse substancialmente coa desagregación orzamentaria contida no proxecto de iniciativa local presentado coa solicitude.

3º. No caso dos gastos de persoal propio da entidade, deberán detallarse estes gastos, incluíndo identificación do/a traballador/a, posto que ocupa, horas da xornada laboral imputadas ao proxecto, contía salarial equivalente ás horas imputadas ao proxecto e data de pagamento.

c) As certificacións de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, só no caso de que se tiveren oposto expresamente á súa consulta automática no trámite de solicitude.

d) Unha memoria das actividades realizadas no proxecto de iniciativa local dirixida á xuventude, segundo o modelo publicado como anexo V. Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra do material gráfico empregado.

Artigo 22. *Pagamento*

1. O aboamento da subvención realizarase unha vez recibida e comprobada a xustificación presentada. No caso de que os gastos totais xustificadas sexan inferiores á cantidade concedida, practicarase a redución correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

2. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención mentres a entidade local beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 23. *Obrigas*

As entidades locais beneficiarias deberán:

a) Comunicar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con 15 días de antelación, o inicio da realización das actividades para as cales se pide a axu-



da. Esta comunicación realizarase preferentemente a través do enderezo electrónico xuventude@xunta.gal.

b) Acreditar, ante a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a realización da actividade ou actividades que conforman o proxecto de iniciativa local dirixida á xuventude, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o aproveitamento da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e nas bases reguladoras desta orde.

c) Achegar a relación de participantes nas distintas actividades, na cal figuren nome, apelidos e DNI das persoas participantes.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará toda a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da iniciativa local obxecto da subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo seguinte.

i) Cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.



j) Cumprir coas restantes obrigas contidas nesta orde e demais normativa aplicable.

Artigo 24. *Revogación e réxime sancionador*

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado poderá revogar a concesión da axuda se a entidade local beneficiaria incumpre as condicións impostas con motivo da súa concesión.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na restante normativa que sexa de aplicación dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o procedemento de reintegro oportuno, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Ás entidades locais beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Consellería de Política Social publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional primeira. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo trata-



mento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Política Social na persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Supletoriedade*

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa en materia de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro. Igualmente, será de aplicación, no que proceda, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS Á XUVENTUDE	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO BS305E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.
 Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
 Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO

NO CASO DE MANCOMUNIDADE/CONSORCIO LOCAL/AGRUPACIÓN, ESPECIFIQUENSE OS CONCELLOS QUE A COMPOÑEN

ORZAMENTO DO PROXECTO DE INICIATIVA LOCAL (non poderá ser superior ás contías establecidas no artigo 6.2):

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

CVE-DOG: 6y7tkql7-pan0-gb51-qra7-yyqte1zf0dt0




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
Documentación común:

- Certificado da secretaría que recolla o acordo de solicitude da subvención por parte do órgano competente e, se for o caso, o acordo de delegación para a tramitación do procedemento.
- Proxecto de iniciativa local dirixida á xuventude, redactado seguindo o modelo do anexo III.
- Orzamento de gastos desagregado (anexo IV).

Documentación específica para todas as solicitudes conxuntas:

- Memoria explicativa do aforro de custos pola execución conxunta do proxecto.

Documentación específica para as agrupacións de concellos do artigo 4.2:

- Anexo II. Un anexo por cada concello agrupado, excepto o que exerza a representación única.
- Acordo de colaboración.
- Certificación da secretaría, de cada un dos concellos, do acordo do órgano competente en que se autoriza o exercicio da representación para a tramitación da subvención polo concello nomeado no acordo de colaboración.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día nas obrigas coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017 e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO II
AGRUPACIÓN DE CONCELLOS
DECLARACIÓN/COMPROBACIÓN DE DATOS

(un anexo por cada concello, excepto o que exerza a representación única da agrupación)

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.
 3. Que todos os datos contidos neste anexo son certos.
 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS


Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.

 DENEGO E
 PRESENTO O
 DOCUMENTO

<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día nas obrigas coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.	<input type="checkbox"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


**XUNTA
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO III

PROXECTO DE INICIATIVA LOCAL DESTINADA Á XUVENTUDE

(O proxecto deberá redactarse seguindo as partes deste formulario e só se cubrirán nel os datos referentes á entidade ou agrupación, denominación do proxecto e persoa de contacto)

NOME DA ENTIDADE LOCAL OU AGRUPACIÓN	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
<input type="text"/>	

Descrición do proxecto. Sintetizarase en poucos parágrafos o que se pretende facer, destacando os puntos fortes, os aspectos máis salientables e/ou innovadores do proxecto.
Obxectivos e prioridades. Explicarase os obxectivos xerais e os específicos que se pretenden conseguir.
Ámbito territorial. Indicarase o lugar ou lugares onde se vai realizar o proxecto e especificarase a área xeográfica de influencia.
Persoas destinatarias. Indicarase as persoas mozas que sexan beneficiarias potenciais e a repercusión social das actividades programadas.
Compoñente educativo e de participación xuvenil do proxecto.
Aplicabilidade, congruencia coa zona de influencia e viabilidade da iniciativa.
Actividades que se van desenvolver no proxecto. Deberán enumerarse as actividades concretas, indicando para cada actividade: <ul style="list-style-type: none">- Descrición do que se vai facer.- Obxectivo.- Lugar.- Persoas destinatarias, indicando o número, idade e características da poboación.- Recursos humanos e materiais implicados na organización da actividade.- Tarefas de planificación e execución- Datos aproximadas de comezo e fin, tendo en conta que o período subvencionable remata o 15 de outubro de 2017.
Gastos previstos. Explicarase, o máis detalladamente posible, os gastos incluídos no orzamento (anexo IV) e a súa desagregación por conceptos, vinculando cada concepto coas actividades programadas.
Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación que se vai empregar para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.
Explicarase como se lle vai dar visibilidade ao proxecto e como se vai difundir.
Descrición do emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboren e nas canles de difusión utilizadas para dalo a coñecer.

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE O PROXECTO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE			
<input type="text"/>			
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	TELÉFONO 3
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO IV

ORZAMENTO

NOME DA ENTIDADE LOCAL OU AGRUPACIÓN	<input type="text"/>
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	<input type="text"/>

ORZAMENTO DE GASTOS	
Desagregaranse en cada liña os gastos previstos.	
CONCEPTO	IMPORTE
Adquisición de bens non inventariables	
Aluguer de espazos e equipamento (máximo 40 %)	
Viaxes ou traslados	
Manutención (máximo 10 %)	
Aloxamento	
Gastos de persoal propio da entidade	
Gastos de persoal externo	
Publicidade, materiais de difusión e publicacións	
Premios e obsequios (máximo 10 %)	
Seguros	
Gastos ordinarios de funcionamento (máximo 5 %)	
Especifíquense outros gastos:	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
TOTAL ORZAMENTO DO PROXECTO	

IMPORTE DA SUBCONTRATACIÓN (máximo 80 % do orzamento do proxecto):	<input type="text"/>
--	----------------------





**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO V

MEMORIA DE ACTIVIDADES

(Deberá redactarse seguindo as partes deste formulario e só se cubrirán nel os datos referentes á entidade ou agrupación, denominación do proxecto, número de expediente e persoa de contacto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra do material gráfico empregado)

NOMBRE DA ENTIDADE LOCAL OU AGRUPACIÓN	NIF
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	NÚMERO EXPEDIENTE

Sintetizar en poucos parágrafos o resultado final do proxecto, con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Obxectivos e prioridades. Explicarase cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados.

Persoas destinatarias. Indicarase as persoas mozas que foron finalmente beneficiarias e a repercusión social que tiveron as actividades programadas.

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarse o equipo que realizou as actividades e indicarase as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas que desenvolveu para executar as actividades.

Actividades que se desenvolveron no proxecto. Deberán enumerarse as actividades concretas, indicando para cada actividade:

- Descrición do que se fixo.
- Lugar.
- Persoas destinatarias, indicando o número, idade e características da poboación.
- Recursos humanos e materiais implicados na organización da actividade.
- Tarefas de planificación e execución
- Datas de comezo e fin.

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.


Explicar como se fixo a difusión e a visibilidade do proxecto.

Xustificación do emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboraron e nas canles de difusión utilizadas para dalo a coñecer.

Calquera outra información que se considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto.

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A XUSTIFICACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	TELÉFONO 3

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>